



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Idioma moderno: Idioma 2, II: Inglés

Materia	Idioma moderno: Idioma 2, II: Inglés			
Código	V01G230V01205			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Llantada Díaz, María Francisca Rodríguez Vázquez, Rosalía			
Profesorado	Llantada Díaz, María Francisca			
Correo-e	fanny.llantada@uvigo.es rosalia@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia pretende a consecución e consolidación das destrezas comunicativas e lingüísticas en grao de usuario competente. O obxectivo conxunto de Idioma 2, I: Inglés e Idioma 2, II: Inglés é o de acadar competencias orais e escritas, pasivas e tamén activas propias do nivel B2+ - C1 (Marco Europeo de Referencia). O curso terá unha orientación práctica.			

## Competencias

Código	
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C10	Capacidade de traballo en equipo
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
C27	Capacidade de razoamento crítico
C30	Coñecemento de idiomas
D2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
D9	Razoamento crítico
D12	Traballo en equipo
D14	Motivación pola calidade
D15	Aprendizaxe autónoma
D17	Comprensión doutras culturas e costumes
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
D23	Capacidade de traballo individual

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Redactar calquera tipo de recurso contra unha resolución xudicial.	

Continuar coa expansión dos coñecementos gramaticais e discursivos das estruturas básicas e complexas da lingua inglesa.	A4		C1 C4 C10 C18 C26 C27 C27 C30	D1 D2 D9 D12 D15 D17 D22 D23
Consolidar e expandir o repertorio léxico avanzado da lingua inglesa.	A1 A4 A5	B1 B11	C1 C2 C4 C6 C7 C18 C24 C27 C30	D2 D12 D14 D14 D15 D15 D17 D22 D23
Estimular e exercitar a capacidade de traballo autónomo e traballo en equipo do alumnado.	A4 A4	B4 B5 B11	C1 C9 C10 C11 C13 C18 C24	D1 D2 D8 D9 D12 D14 D15 D17 D22 D23

## Contidos

### Tema

1. Grammar // Use of English	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Quantifiers</li> <li>- Reported Speech</li> <li>- Emphasis</li> <li>- Past and mixed conditionals</li> <li>- -ing form and infinitive</li> <li>- Handling an awkward situation</li> <li>- Past modals of deduction</li> <li>- Reporting an incident</li> <li>- Relative Clauses</li> <li>- Participle Clauses</li> <li>- Giving a tour</li> </ul>
2. Reading	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Reviews (book reviews, magazines, etc.)</li> <li>- Newspaper articles, editorials and reports</li> <li>- Debate sites</li> <li>- Other</li> </ul> <p>All of them about different topics and drawn from various sources, not necessarily the textbook.</p>
3. Listening and Speaking	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Discussions</li> <li>- Monologues</li> <li>- Dialogues</li> <li>- Conversations</li> <li>- Interviews (TV, radio, etc)</li> </ul> <p>All of them about different topics and drawn from various sources, not necessarily the textbook.</p>
4. Writing	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Report</li> <li>- Discursive essay</li> </ul>

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Resolución de problemas	3	15	18
Resolución de problemas de forma autónoma	5	13	18
Titoría en grupo	8	0	8
Traballos de aula	10	30	40
Presentación	9	20	29

Práctica de laboratorio	4	8	12
Práctica de laboratorio	2	4	6
Práctica de laboratorio	2	4	6
Probas de resposta curta	4	8	12

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a presentar a materia e tomar contacto co alumnado, reunindo información sobre os seus coñecimentos previos.
Resolución de problemas	Análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos, así como coas destrezas comunicativas.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades nas que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Titoría en grupo	Revisión conxunta, por parte de alumnado e profesorado, do desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Traballos de aula	Práctica das catros destrezas comunicativas: comprensión oral (listening), expresión oral (speaking), comprensión escrita (reading) e expresión escrita (writing), así como da destreza lingüística (use of English)
Presentación	Presentacións ou exposicións feitas polo alumnado acerca de temas previamente acordados co profesorado.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Por atención personalizada enténdese atención na aula e en horario de titorías, así como atención a través da plataforma Faitic. Entre os obxectivos da atención personalizada están a orientación xeral sobre a materia, o fomento de estratexias de aprendizaxe, facer indicacións sobre os traballos e exercicios, analizar os resultados obtidos en probas xa realizadas ou o asesoramento para a superación do curso.
Traballos de aula	Por atención personalizada enténdese atención na aula e en horario de titorías, así como atención a través da plataforma Faitic. Entre os obxectivos da atención personalizada están a orientación xeral sobre a materia, o fomento de estratexias de aprendizaxe, facer indicacións sobre os traballos e exercicios, analizar os resultados obtidos en probas xa realizadas ou o asesoramento para a superación do curso.
Titoría en grupo	Por atención personalizada enténdese atención na aula e en horario de titorías, así como atención a través da plataforma Faitic. Entre os obxectivos da atención personalizada están a orientación xeral sobre a materia, o fomento de estratexias de aprendizaxe, facer indicacións sobre os traballos e exercicios, analizar os resultados obtidos en probas xa realizadas ou o asesoramento para a superación do curso.
Resolución de problemas de forma autónoma	Por atención personalizada enténdese atención na aula e en horario de titorías, así como atención a través da plataforma Faitic. Entre os obxectivos da atención personalizada están a orientación xeral sobre a materia, o fomento de estratexias de aprendizaxe, facer indicacións sobre os traballos e exercicios, analizar os resultados obtidos en probas xa realizadas ou o asesoramento para a superación do curso.
Presentación	Por atención personalizada enténdese atención na aula e en horario de titorías, así como atención a través da plataforma Faitic. Entre os obxectivos da atención personalizada están a orientación xeral sobre a materia, o fomento de estratexias de aprendizaxe, facer indicacións sobre os traballos e exercicios, analizar os resultados obtidos en probas xa realizadas ou o asesoramento para a superación do curso.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Presentación	Probas prácticas da expresión orais e/ou presentación oral de forma individual para reforzar as destrezas comunicativas de expresión (Speaking). Unha proba sobre os dous artigos xornalísticos e unha sobre os temas do libro do alumno das unidades 7 ao 10 referentes aos exercicios de expresión oral. As dúas probas teñen o mesmo peso específico da nota que será o 24% da nota final.	24	A4 C4 D9 C18 D14 C24 D15 D22 D23

Práctica de laboratorio	Una proba da destreza de comprensión oral (Listening).	24	A4	C18 C24 C27	D9 D15 D17 D23
Práctica de laboratorio	Una proba práctica de comprensión escrita (Reading) dun texto que será avaliada mediante proba escrita.	16	A4	C4 C18 C24 C27	D15 D17 D23
Práctica de laboratorio	Dúas probas prácticas de expresión escrita (Writing).	16	A4	C4 C18 C24 C27	D15 D17 D23
Probas de resposta curta	Unha proba sobre a materia asignada, conceptos teóricos e a súa aplicación. Resolución de exercicios prácticos de resposta curta (fill in the gaps, transformation cloze, multiple choice, etc.) relacionados coas destrezas lingüísticas (Use of English).	20		C4 C18	D9 D22 D23

## Outros comentarios sobre a Avaliación

### 1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.1. A cualificación final da materia calcularase tendo en conta todas as destrezas traballadas ao longo do cuadrimestre segundo as porcentaxes que se indican:

- DESTREZAS COMUNICATIVAS (80% da nota final) Listening: 24%; Speaking: 24%; Reading: 16%; Writing: 16%.
- RESOLUCIÓN DE EXERCICIOS PRÁCTICOS (Use of English) (20% da nota final)

1.2. As obras de lectura obrigatoria (dous artigos xornalísticos) serán avaliadas mediante probas orais nas dúas edicións de actas (maio e xullo), independentemente do sistema de avaliación (continua ou única) polo que se opte.

1.3. Para superar a materia será imprescindible acadar unha cualificación mínima de 5 puntos como nota global, sendo 5 puntos a puntuación mínima requirida en cada unha das destrezas. O alumnado que na primeira edición de actas obteña una cualificación de suspenso nalguna(s) das destrezas deberán repetir a(s) parte(s) correspondentes a tal(es) destrezas no exame de xullo para poder aprobar a totalidade da materia.

1.4. Non se contempla o exame único do mes de maio como exame de recuperación para aprobar a(s) parte(s) da(s) destreza(s) suspensa(s) na avaliación continua. De non superalas en xullo, o/a alumno/a deberá examinarse da totalidade da materia en cursos académicos posteriores. Polo tanto, as partes superadas carecerán de validez para datas e cursos posteriores.

1.5. O plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou actividade suporá un suspenso automático na materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

1.6. Non se permite a utilización de dicionarios, apuntamentos e dispositivos electrónicos (teléfonos móbiles, tablets, ordenadores, etc.) durante a realización dos exames.

### 2. PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS (maio)

Existen dous sistemas de avaliación (continua e única) para superar a materia nesta primeira oportunidade e participar nun deles, implica a imposibilidade de participar no outro.

**2.1. Avaliación continua:** - O alumnado entregará unha ficha cos seus datos de contacto e fotografía durante as tres primeiras semanas do cuadrimestre. De igual maneira, será imprescindible a súa participación nas diferentes probas que se vaian realizando ao longo do cuadrimestre, así como a entrega das actividades que corresponda nas datas sinaladas. As probas nas que non se participe ou as actividades non entregadas no prazo estipulado computarán como 0. A avaliación, tanto continua coma única, terá en conta non só pertinencia e calidade do contido das respostas, senón tamén a súa corrección lingüística. - O alumnado, para poder optar á avaliación continua, deberá entregar os dous exercicios de expresión escrita (Writing). A entrega deberá realizarse en man ás profesoras nas datas sinaladas máis abaixo nesta apartado. Non se aceptarán traballos enviados por internet ou depositados nas caixas de correo das profesoras. En caso de imposibilidade de entrega persoal por motivos xustificadas, poderase enviar o traballo por internet. A cualificación final daquelas/es alumnas/os que se acollan ao sistema de avaliación continua computarase tendo en conta as seguintes datas e probas a realizar (todas en horario de clase): Semana 6: proba de "Speaking" dos dous artigos xornalísticos. Semana 7: proba de "Writing". Entrega da primeira redacción. Semana 11: proba de "Listening" e "Reading" (comprensión dun texto). Semana 11: proba de "Speaking" dos exercicios das destrezas comunicativas orais do libro do alumno (unidades 7 ao 10). Semana 12: proba de "Writing" (entrega da segunda redacción) e "Use of English". Semana 12: "Speaking" dos exercicios das destrezas comunicativas orais do libro do alumno (unidades 7 ao 10). Para as probas de "Speaking" das semanas 6, 11 e

12, asignarase a cada alumno/a unha data específica por preferencia ou sorteo co fin de facilitar a asistencia ao exame do alumnado que por motivos xustificadas impídelles asistir nun dos días da semana sinalados.

**2.2. Avaliación única (maio):** - A avaliación final do segundo cuadrimestre desenvolverase na data oficial aprobada pola Xunta de centro e deberá ser consultada polo alumnado na páxina web da Facultade. A cualificación final do alumnado que se acolla a este sistema de avaliación única computarase en base ás cualificacións obtidas na proba final. A proba constará das partes necesarias para avaliar todas as destrezas: Listening: 24%; Speaking: 24%; Reading: 16%; Writing: 16%. A suma das catro destrezas será o 80% da nota. Por outra banda, a resolución de exercicios prácticos (Use of English) computarán un 20% da nota obtida.

### 3. SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (xullo)

3.1. O exame que o centro fixe oficialmente para o mes de xullo constará das partes necesarias para avaliar todas as destrezas (Reading, Listening, Writing, Speaking e Use of English). O peso de cada unha das destrezas na cualificación final será o mesmo ca na primeira edición de actas e, de igual maneira, para superar a materia será imprescindible acadar unha cualificación mínima de 5 puntos como nota global, sendo 5 puntos a puntuación mínima requirida en cada unha das destrezas e no "Use of English". A suma das catro destrezas (80%) e "Use of English" (20%) sumarán o 100% da nota final obtida.

3.2. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas na que as probas de avaliación teñen lugar. Os mesmos criterios, aquí descritos tamén se aplicarán ao alumnado alleo. Para poder seguir a docencia, recoméndase que o alumnado alleo posúa un nivel B2 (Marco Europeo de Referencia) de inglés.

---

#### **Bibliografía. Fontes de información**

##### **Bibliografía Básica**

Eales, Frances & Oakes, Steve, **Speakout. Upper Intermediate Students' book (with ActiveBook)**, 2nd, Essex: Pearson Education Limited, 2015

Eales, Frances; Oakes, Steve & Harrison, Louis, **Speakout. Upper Intermediate. Workbook with key**, 2nd, Essex: Pearson Education Limited, 2015

##### **Bibliografía Complementaria**

Telegraph Media Group, **The Daily Telegraph**, London,

Guardian Media Group, **The Guardian**, London,

Brinks Lockwood, Robyn, **Skillful: Listening and Speaking Level 3**, 1st, London: Macmillan, 2013

Foley, Mark & Hall, Diane, **MyGrammarLab (Intermediate)**, 2nd, Essex: Pearson Education Limited, 2012

Hughes, Stacey, **Skillful Reading and Writing Level 3**, 1st, London: Macmillan, 2013

Swan, Michael & Walter, Catherine, **Oxford English Grammar Course: Intermediate**, 1st, Oxford: Oxford University Press, 2011

British Broadcasting Company, **BBC English Learning**,

Cambridge University Press, **Cambridge Dictionary Online**,

HaperCollins, **Collins Dictionary Online**,

Holtzbrinck Publishing Group, **Macmillan Collocations Dictionary**,

Holtzbrinck Publishing Group, **Macmillan Phrasal Verbs Plus**,

Oxford University Press, **Oxford Learners Dictionary**,

Oxford University Press, **Grammar Learning Resources**,

American Multimedia News Source, **Voice of America: American English Listening and Reading Resources**,

---

#### **Recomendacións**

##### **Materias que continúan o temario**

Idioma 2, III: Inglés/V01G230V01305

---

##### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Idioma moderno: Idioma 2, I: Inglés/V01G230V01105

---

##### **Outros comentarios**

Para poder seguir as clases recoméndase posuír un nivel B2 (Marco Europeo de Referencia) de inglés.

Ademais da asistencia regular ás sesións presenciais, o traballo diario e autónomo do alumnado resulta aconsellable para seguir e superar a materia. Sendo así, e tendo en conta que as horas de clase na aula non son máis que parte das horas

totais de traballo necesarias para superar a materia, é altamente recomendable que o material manexado polo alumnado non se limite ao visto nas sesións presenciais. Recoméndase que o alumnado adique tempo á lectura de xornais, libros e revistas en lingua inglesa, o visionado de vídeos, películas, series e similares en lingua inglesa, etc. Recoméndase o uso da plataforma de teledocencia (FAITIC).

---